



CONCELLO DE VIGO
CONTRATACIÓN

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 19 DE SETEMBRO DE 2016

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:00 horas do día 19 de setembro de 2016, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o día 16 de setembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidentes: D. David Regades Fernández

Vocais:

- D^a. Susana García Álvarez
- D^a. Margarita Parajó Calvo (asiste aos puntos 1a e 1b)
- D. Pablo Olmos Pita (asiste ao punto 1a)
- D. Alberto Escariz Couso (asiste aos puntos 1b e 1c)
- D^a. Catalina Alfayate Rodríguez
- D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
- D. José Ángel Otero Lamas (asiste aos puntos 3c e 4c)
- D^a. Paz Fernández Fernández (asiste aos puntos 3a, 3b, 4a e 4b)
- D. Rafael Lage Veiga (asiste aos puntos 3e, 4e e 6a)
- D. Óscar Couce Senra (asiste aos puntos 2a, 3c, 3d, 4c, 4d e 5a)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

1.- Aprobación de actas

a) Acta da sesión do 7 de setembro de 2016

Apróbase a acta da Mesa de Contratación do 7 de setembro de 2016 cos votos a favor de D. David Regades Fernández, D. Pablo Olmos Pita, D^a. Margarita Parajó Calvo, D^a. Catalina Alfayate Rodríguez e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

b) Acta da sesión do 9 de setembro de 2016

Apróbase a acta da Mesa de Contratación do 9 de setembro de 2016 cos votos a favor de D^a. M^a Jesús Lago Rey, D^a. Margarita Parajó Calvo, D. Alberto Escariz Couso e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

c) Acta da sesión do 16 de setembro de 2016



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 04:32	Páxina 1 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AD4F-C14C5C-824C2H-YBWLLD-56SV2Z-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Apróbase a acta da Mesa de Contratación do 16 de setembro de 2016 cos votos a favor de D^a. M^a Jesús Lago Rey, D^a. Susana Garcia Álvarez, D. Alberto Escariz Couso e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

2.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Ferreiros. Fase II (3893-440)

En acto público abriuse o sobre C "OFERTA ECONÓMICA" das ofertas presentadas e admitidas co seguinte resultado:

Licitador	Prezo (euros)	Incremento garantía	Melloras	
			Obra civil rede eléctrica	Obra civil rede telecomunicacións
ORECO EMPRESA CONSTRUCTORA	130.341,43	-	non	non
CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS, SA	123.478,29	48	si	si
PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA	124.585,71	88	si	si
VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AGUAS	123.871,72	24	si	non
CIVIS GLOBAL, SLU	112.753,85	72	non	non
CONSTRUCCIONES FECHI, SLU	108.848,58	156	si	si
OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, SA	113.836,80	36	si	si
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES PEREZ, SL	112.608,00	48	si	si
MONTAJES J M IGLESIAS, SL	115.842,00	68	si	si
ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES, SL	117.229,00	63	si	si
CANALIS SOLUCIONES TECNOLOGICAS, SL	111.471,43	84	si	si
ORESA, SL	111.617,08	60	si	si
SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, SL	112.926,99	60	non	non
SESTRAMA-09,SL	132.891,42	144	si	si
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU	118.320,01	120	si	si
COPCISA, SA	117.402,00	138	si	si
NAROM, SL	116.382,00	72	si	si
ELSAMEX, SA	127.957,50	144	si	si
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, SA	114.384,93	64	non	non
CONSTRUCCIONES VALE, SL	109.868,57	108	si	si
GEOXA, GENERAL DE CONSTRUCCIONES, SL	144.606,86	1.000	non	non

Non asiste ningún licitador.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 04:32	Páxina 2 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AD4F-C14C5C-824C2H-YBWLLD-56SV2Z-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

3.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adjudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de axuda no fogar (121.736-301) (informe sobre B)

Faise entrega do informe asinado pola diplomada de Traballos Sociais, a xefa de Benestar Social, o xefe da Área de Benestar Social e o asesor xurídico adxunto de Benestar Social do 15 de setembro de 2016 sobre os criterios avaliábeis mediante xuízo de valor.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo do centro integral de inclusión e emerxencia social da rúa Marques de Valterra nº 6 (120763-301) (informe sobre B)

Faise entrega do informe asinado pola xefa de Benestar Social e o xefe da Área de Benestar Social do 15 de setembro de 2016 sobre os criterios avaliábeis mediante xuízo de valor.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Aragón. Fase IV (3918-440) (informe sobre B)

Faise entrega do informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos do 13 de setembro de 2016 sobre os criterios avaliábeis mediante xuízo de valor.

d) Procedemento aberto para a contratación do subministro de mobiliario da nova aula da UNED en Vigo (19862-240) (informe sobre B)

Faise entrega do informe asinado polo xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Municipal do 16 de setembro de 2016 sobre os criterios avaliábeis mediante xuízo de valor.

e) Procedemento aberto para a contratación da subministración de bancos (8857-446) (informe sobre C)

O enxeñeiro de Montes entrega aos membros da Mesa informe sobre os criterios avaliábeis mediante fórmula de data 19 de setembro de 2016 que rectifica o asinado o 16 de setembro.

4.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adjudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 04:32	Páxina 3 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AD4F-C14C5C-824C2H-YBWLLD-56SV2Z-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de axuda no fogar (121.736-301) (informe sobre B)

Acéptase o informe asinado pola diplomada de Traballos Sociais, a xefa de Benestar Social, o xefe da Área de Benestar Social e o asesor xurídico adxunto de Benestar Social do 15 de setembro de 2016 sobre os criterios avaliábeis mediante xuízo de valor.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo do centro integral de inclusión e emerxencia social da rúa Marques de Valterra nº 6 (120763-301) (informe sobre B)

Non se acepta o informe asinado pola xefa de Benestar Social e o xefe da Área de Benestar Social do 15 de setembro de 2016 sobre os criterios avaliábeis mediante xuízo de valor porque cómpre se aprecian erros nos antecedentes do informe.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Aragón. Fase IV (3918-440) (informe sobre B)

Acéptase o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos do 13 de setembro de 2016 sobre os criterios avaliábeis mediante xuízo de valor.

d) Procedemento aberto para a contratación do subministro de mobiliario da nova aula da UNED en Vigo (19862-240) (informe sobre B)

Acéptase o informe asinado polo xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Municipal do 16 de setembro de 2016 sobre os criterios avaliábeis mediante xuízo de valor.

e) Procedemento aberto para a contratación da subministración de bancos (8857-446) (informe sobre C)

Acéptase o informe asinado polo enxeñeiro de Montes do 19 de setembro de 2016 sobre os criterios avaliábeis mediante fórmula.

5.- Incidencias

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Doutor Corbal (3892-440)

Faise entrega do informe asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica de data 16 de setembro de 2016 no que fai constar que o referido servizo puido abrir a documentación contida no CD presentado pola empresa OGMIOS PROYECTO, SL, se ben o proceso durou máis de 60 minutos, polo que se imprimiu o contido e se remitiu ao Servizo de Contratación. Remitiuse, así mesmo, a impresión en PDF do contido do CD, por duplicado exemplar.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a documentación técnica ao servizo xestor.

6.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación da subministración de bancos (8857-446)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 04:32	Páxina 4 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AD4F-C14C5C-824C2H-YBWLLD-56SV2Z-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATAÇÃO

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da subministración de bancos (8857-446) na seguinte orde decrecente:

LICITADORES	Oferta económica	Valor Baixa	Puntos
Parques y Jardines Fabregas, SAU	47250	27750	100
Globalia Urbanismo Integral, SLU	53925	21075	92
Benito Urban, SLU	60000	15000	84,72
Galitec Desarrollos Tecnológicos SL	62257,5	12742,5	82
Novatilu, SLU	65790	9210	66,61
Calfensa Proyectos, SL	67710	7290	52,73

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PARQUES Y JARDINES FABREGAS SAU, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 900,06 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 10:50 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

V.e Pr.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 04:32	Páxina 5 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AD4F-C14C5C-824C2H-YBWLLD-56SV2Z-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O presidente da Mesa

A secretaria

D. David Regades Fernández

D^a. Ángela Fernández López



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 04:32	Páxina 6 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AD4F-C14C5C-824C2H-YBWLLD-56SV2Z-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		